

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Blanco Fernández, Yolanda
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe J.
Gil Solla, Alberto
González Castaño, Francisco J.
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando A.
Pazos Arias, José J.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vieira, Estela
Suárez González, Andrés

De Arriba Pérez, Francisco
Fondo Ferreiro, Pablo
García Méndez, Silvia
Ramos Merino Mateo

González González, Alfredo

ESCUSAN ASISTENCIA

Anido Rifón, Luis E.
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Hernández, Pedro S.

Lago Ramilo, Marcos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 28 de novembro de 2018, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria no salón de Graos da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 28 de novembro de 2018 ás 13:05 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 10 de outubro de 2018.

2. Aprobación, se procede, de criterios para a xestión da docencia por causas sobrevidas.

O Director lembra o acordo actual en canto a existir un límite de 3 anos para poder desfrutar da docencia por causas sobrevidas. Ábrese un debate en torno a isto e ao que é exactamente docencia por causas sobrevidas no que participan o Director, Andrés Suárez González, Manuel Fernández Veiga, Miguel Rodríguez Pérez, e Alfredo González González. Miguel Rodríguez Pérez preguntou sobre a definición de "docencia por causas sobrevidas", dando o Director a súa opinión ao respecto: Calquera modificación da docencia que apareza tras aprobarse o POD (por causas como aparición de novos grupos, baixa de profesores, etc.) que implique que algún profesor asuma dar máis docencia da que tiña asignada no POD aprobado. O Director propón eliminar ese límite de 3 anos para desfrutar da docencia por causas sobrevidas. Apróbase, por asentimento, eliminar ese límite de 3 anos para desfrutar da docencia por causas sobrevidas.

3. Modificación, se procede, do POD.

O Subdirector informa sobre os cambios propostos ao POD e sobre a situación de Pablo Fondo Ferreiro en canto contratado predoutoral FPU (non podendo dar clase de forma autónoma). Ábrese un debate en torno a isto e aos descontos docentes da antiga dirección do departamento no que participan o Director, o Subdirector, Francisco J. González Castaño, Manuel Fernández Veiga, e Raúl F. Rodríguez Rubio. Manuel Fernández Veiga expón que: (1) os criterios da asignación de horas aos contratados predoutourais non son claros; (2) non hai motivo para que quen perda desgravacións polo cambio da dirección non se faga cargo da docencia que lle corresponda; (3) está en desacordo coa modificación do POD proposta pola dirección do departamento, polo cal solicita que se refaga o POD. Vótase a proposta de modificación do POD feita pola dirección do departamento co seguinte resultado: A favor (23), en contra (1), abstencións (1). Apróbase a modificación do POD proposta pola dirección do departamento.

4. Asignación, se procede, de prácticas de docencia a Pablo Fondo Ferreiro.

O Director informa sobre a situación de Pablo Fondo Ferreiro e presenta a proposta da dirección do departamento en canto a que Pablo Fondo Ferreiro preste axuda nas materias Redes de Ordenadores e Sistemas de

Información. Ábrese un debate en torno a isto no que participan o Director, Rebeca Díaz Redondo, Francisco J. González Castaño, e Manuel Fernández Veiga. En concreto, Francisco J. González Castaño solicita que se traballe na elaboración duns criterios de asignación de docencia para os contratados predoutorais que poidan aparecer ao longo do ano. Apróbase, por asentimento, a asignación das materias Redes de Ordenadores e Sistemas de Información a Pablo Fondo Ferreiro.

5. Modificación, se procede, da composición da comisión permanente do Departamento e dos representantes nas comisións da Escola.

O Director informa sobre os seguintes cambios propostos pola dirección do departamento:

- Na Comisión permanente do Departamento Alberto Gil Solla substitúe a Raúl F. Rodríguez Rubio.
- Na Comisión permanente da Escola Alberto Gil Solla substitúe a Raúl F. Rodríguez Rubio e Sergio Herrería Alonso substitúe a Cándido López García.
- Na Comisión Académica do Grado Cándido López García substitúe a Raúl F. Rodríguez Rubio.
- Na Comisión Académica do MET José C. López Ardao substitúe a Raúl F. Rodríguez Rubio.

Apróbanse, por asentimento, estes cambios.

6. Aprobación, se procede, dun permiso de estadía para Mateo Ramos Merino.

Apróbase, por asentimento, concederlle o permiso.

7. Aprobación, se procede, de informes de quinquenios.

O Subdirector informa sobre a convocatoria de quinquenios e expón a lista dos profesores que solicitan informes favorables da súa labor docente:

Díaz Redondo, Rebeca 20/01/2013 - 19/01/2018
Fernández Massaguer, Francisco 01/10/2013 - 30/09/2018
Herrería Alonso, Sergio 01/10/2013 - 30/09/2018
López García, Cándido 21/11/2013 - 20/11/2018
Mikic Fonte, Fernando A. 07/06/2010 - 13/02/2012 e 01/10/2014 - 31/01/2018
Pazos Arias, José J. 14/11/2013 - 13/11/2018

Apróbase, por asentimento, emitir ditos informes.

8. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:55 do día 28 de novembro de 2018, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Alberto Gil Solla

Dr. D. Fernando A. Mikic Fonte